



A alianza de R co provedor autóctono de fibra óptica 'Rede Aberta' permitirá incrementar a cobertura do operador galego en máis de 70.000 inmobles e levar a alta velocidade a núcleos de máis dun cento de municipios de Galicia

Preto de 4.000 inmobles de Monterroso xa dispoñen de alta velocidade coa fibra óptica de R e con 5G do operador galego en zonas do municipio de difícil acceso

- ***Nos últimos meses R aumentou en case 1.600 o número de inmobles de Monterroso (Lugo) conectados á súa rede de fibra ultrarrápida FTTH grazas ao seu acordo co grosista galego de fibra óptica 'Rede Aberta'.***
- ***Esas preto de 1.600 vivendas e empresas incorporadas á rede de R en nove núcleos de poboación de Monterroso xa poden gozar dos servizos de telecomunicacións máis innovadores e de posibles accesos de ata 1 xiga, wifi 6 e tele con deco Android sen custo adicional.***
- ***Monterroso, como outros 223 municipios galegos, dispón tamén de cobertura coa solución 'internet rural' con 5G de R (mambo 'Axiña') para levar a alta velocidade a zonas rurais de difícil acceso onde non chega a fibra óptica.***
- ***Fogares e negocios de Monterroso con antigas conexións ADSL →xa desactivadas— poderán dispor de banda larga coa fibra óptica de última xeración de R ou coa súa solución de 'internet rural' 5G se a fibra non se puido despregar na súa zona.***

Mércores, 29 de maio de 2024.- O concello lugués de Monterroso xa dispón de cobertura de fibra óptica ata o fogar (FTTH) en aproximadamente **4.000 fogares e empresas** que poden gozar dende este momento dos servizos máis avanzados de telecomunicacións coa tecnoloxía máis rápida do mercado.

A cifra de inmobles conectados á rede de **R** incrementouse recentemente en Monterroso —e en máis dun cento de municipios do territorio— grazas ao acordo do operador co grosista tamén galego de fibra óptica 'Rede Aberta'. Froito desta alianza **arredor de 1.600 inmobles** sumáronse á infraestrutura de **R** nos núcleos poboacionais de Lavandelo, Leborei, Monterroso, Penas, Sambreixo, San Benito de Bispo, San Miguel, Sandolfe e Suecastro. Desta maneira, a poboación destas zonas tamén disporá de accesos ultrarrápidos a Internet de ata 1 xiga simétrico (subida e baixada), dunha cobertura óptima nos fogares —ao chegar a fibra ata as súas vivendas— e dunha maior capacidade de navegación con varios dispositivos á vez. Todo iso unido aos servizos de wifi 6 e tele con deco Android 4K sen custo adicional.

Falamos da última tecnoloxía baseada no estándar XGS-PON, preparada para o futuro, idónea para simultanear tarefas de teletraballo, teleformación, videochamadas, *streaming*, *gaming*, etc. Un sistema que habilita eses accesos megarrápidos con catro veces máis capacidade de descarga que a tecnoloxía actual e ata oito veces máis capacidade de suba.



O acordo de **R** con 'Rede Aberta' permitirá cubrir aproximadamente **70.000 novos inmobles** que se conectan agora á infraestrutura do operador galego e levar a alta velocidade coa fibra máis rápida a recunchos de Galicia en núcleos rurais dun cento longo **de municipios do territorio**.

A intención é ampliar ao máximo a cobertura de banda larga en todos os recantos da comunidade galega. E así, **R** e 'Rede Aberta' aliñanse na súa arela de lle proporcionar ao rural de Galicia os medios tecnolóxicos para integrarse no mundo dixital e lograr que a conectividade chegue a zonas impensables ata hoxe. Grazas a iso, aldeas do rural gozarán dos servizos de **R** tal e como o fan as capitais de provincia do territorio: máis un paso na redución da fenda dixital entre os dous ámbitos.

'Internet rural' R para completar cobertura de alta velocidade en Monterroso

Nas zonas de Monterroso onde, por cuestións orográficas ou de dispersión da poboación, non chega a fibra óptica, existe a opción de 'internet rural' de **R** con 5G (mambo *Axiña*), que lles permite a fogares e empresas destes lugares de difícil acceso dispor de alta velocidade de ata 600 megas con 5G e wifi 6.

A tecnoloxía 5G de 'internet rural' de **R** apóiase, por unha banda, nun *router* que permite conseguir esas velocidades e, por outra, no sistema wifi 6 para facilitar, por exemplo, unha **experiencia multidispositivo** excelente conectando á vez distintos aparellos cunha latencia mínima, semellante á que terían cunha conexión de fibra (latencia = tempo que tarda en cargar unha páxina, en enviarse un correo electrónico ou en executarse unha acción nun *videoxogo online*). [Internet rural 5G ilimitado](#).

O servizo 'Internet rural' fai de **R**, dende 2022, o **primeiro operador** que lles dota dunha **solución 5G converxente fixo e móbil** a clientes/as sen fibra en Galicia. O obxectivo é levar esta proposta á maior parte de inmobles espallados por zonas da comunidade de orografía complicada.

Na actualidade o **90% da poboación galega** dispón de cobertura 5G de **R** e está preparada para facer uso desta tecnoloxía avanzada de quinta xeración. Un total de 224 concellos galegos, incluído Monterroso, dispoñen xa da solución 'internet rural' de **R**, que lles permite aos seus habitantes navegar a altas velocidades como o poden facer en 1,7 millóns de fogares cubertos por **R** coa súa fibra óptica FTTH de última xeración en Galicia.

En suma, **R** leva 25 anos despregando fibra, rúa a rúa, no territorio galego, para dotalo das mellores infraestruturas de telecomunicacións e situalo á vangarda europea e internacional, en condicións de competir coas rexións máis avanzadas do mundo a calquera nivel.



Fibra óptica ou internet rural 5G de R, opcións idóneas ante o fin do ADSL

Por último, tanto a opción da fibra óptica FTTH de **R** como a súa solución de 'internet rural' – se a fibra non chega á zona– son tamén alternativa para quen teñan en Monterroso unha conexión a Internet a través de par de cobre, porque **o tradicional ADSL xa deixou de funcionar ou de comercializarse en Galicia.**

De feito, a maior parte dos/as antigos/as usuarios/as con ADSL na comunidade galega viven no rural, xa que a dispersión xeográfica e a orografía favoreceron no seu momento a despregadura do par de cobre para chegar a moitos lugares investindo menos. Con todo, o ADSL ficou obsoleto, porque ofrece menos largura de banda e sofre máis con meteoroloxía adversa.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal